



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11-02-2016, foi aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o concurso público para o arrendo dos locais núm 1, 6, 7, 8, 9 e 10 do Mercado Municipal

1.- Entidade adxudicadora.

Organismo: CONCELLO DE PORTOMARIN

2.- Obxecto do contrato.- O arrendamento dos seguintes locais conforme ás condicións establecidas no prego aprobado:

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL Nº1

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarín
- Superficie: Construída 40,12 metros cadrados e útil 30,16 metros cadrados.
- Garantía provisional: 1.491,82 €

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL Nº6

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarín
- Superficie: Construída 44,16 metros cadrados e útil 33,03 metros cadrados.
- Garantía provisional: 1.642,05 €

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL Nº7

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarín
- Superficie: Construída 35,70 metros cadrados e útil 26,64 metros cadrados.
- Garantía provisional: 1.327,47 €

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL Nº8

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarín
- Superficie: Construída 54,69 metros cadrados e útil 41,74 metros cadrados.
- Garantía provisional: 2.033,60 €

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL Nº9

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarín



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

- Superficie: Construída 33,79 metros cadrados e útil 25,31 metros cadrados.
- Garantía provisional: 1.256,45 €

* Denominación e descrición do inmovible: LOCAL Nº10

- Situación: MERCADO MUNICIPAL, Rúa Sánchez Carro nº16 Portomarin
- Superficie: Construída 29,51 metros cadrados e útil 21,69 metros cadrados.
- Garantía provisional: 1.097,30 €

3.- Forma adxudicación:

- Forma: concurso público
- Tramitación: ordinaria.
- Procedemento: aberto.

4.- Tipo de licitación. O tipo de licitación, mellorable á alza, será o de cinco euros con corenta centimos de euro (5,40 €), impostos incluídos.

5.- Criterios de adxudicación:

- Mellora do canon ou renda aboar o concello (ata 2 puntos).
- Empresas creadas por mozos emprendedores con menos de 40 anos (1 puntos).
- Empresas creadas por desempregados (1 puntos).
- Empresas con actividades innovadoras ou que inclúan algún elemento innovador (ata 1 puntos).
- Memoria presentada pola persoa ou empresa solicitante, describindo as actividades a desenvolver no local (ata 1 punto).
- Non dispoñer de local comercial e/ou despacho profesional aberto ao público en Portomarin (1 punto)
 - Documentación acreditativa da traxectoria e experiencia profesional da entidade solicitante (ata 1 punto).
- Número de traballadores en alta na empresa solicitante (0,5 punto por traballador ata un máximo de 2 puntos).

6.- Obtención de documentación e información.

Concello de Portomarin (registro xeral) Praza Condes de Fenosa s/n Portomarin e no Perfil de Contratante da páxina web do concello (www.concellodeportomarin.es).



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

7.- Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: Vinte días Hábiles contados a partir do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios do Concello, no Perfil de Contratante da páxina web do concello (www.concellodeportomarin.es) e nos diarios el Progreso e La voz de Galicia.

b) Documentación a presentar: A especificada nas cláusulas do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: As ofertas presentaranse no Concello de Portomarin Praza Condes de Fenosa s/n, en horario de atención ao público. Tamén poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Alcalde.

Juan Carlos Serrano López